

## Algunhas das medidas en implantación

- Análise con **perspectiva de xénero** do Pacto de Selección Temporal
- Nos temarios da OPE: temas de **igualdade**, prevención e tratamento **contra a violencia de xénero**.
- Puntuación específica do exercicio de dereitos de conciliación, en todas as quendas de acceso, para **promover a corresponsabilidade**.
- Medidas específicas para **traballadoras embarazadas**, ampliadas posteriormente en 23 medidas acordadas (DOG núm 223, de 23 de novembro de 2022).
- **Información** respecto a riscos que afecten especialmente á **maternidade** e á **saúde reprodutiva**.
- **Formación en igualdade**.
- **Accións de sensibilización** en igualdade de oportunidades, corresponsabilidade e contra a violencia de xénero.

Máis de **29.000** profesionais do Servizo Galego de Saúde xa teñen formación en igualdade e contra a violencia de xénero



## Que queremos conseguir con estas medidas?

Un modelo organizacional máis equitativo e comprometido

O I Plan de Igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde 2021-2024 vai transformarnos e facernos mellores como colectivo, porque nos dotará dun modelo organizacional máis equitativo e comprometido, **facendo da cultura da igualdade un valor de seguridade e benestar** para todas as persoas que traballamos no Servizo Galego de Saúde.

#grazasxtanto  
#aoteulado



Podes remitir as túas dúbidas ou suxestións nesta materia a:

Plan.Igualdade  
@sergas.es



PLAN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



ACORDOS PARA A PROTECCIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS DURANTE O EMBARAZO

Humanizando desde dentro  
o Servizo Galego de Saúde

## I Plan de Igualdade entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde 2021-2024



Depósito Legal: C XXX-2023



## Que é?

Un conxunto de medidas, acordadas coas organizacións sindicais representadas na Mesa sectorial de Sanidade despois dun diagnóstico de situación, para **promover a cultura da igualdade e integrar a perspectiva de xénero** no Servizo Galego de Saúde.

Case o **80%** do persoal do Servizo Galego de Saúde son mulleres

## Obxectivos

- **Promover e acadar a igualdade real** de trato e de oportunidades entre as mulleres e os homes que formamos parte do Servizo Galego de Saúde.
- **Formar, informar e sensibilizar** sobre igualdade.
- **Vixiar a discriminación** indirecta, en disposicións, criterios ou **prácticas aparentemente neutros**, pero que poñen a unha persoa dun sexo en desvantaxe fronte a persoas de outro sexo.

Un total de **59** medidas que se están a implantar progresivamente no Servizo Galego de Saúde

## Como é o Plan?

### Colectivo

Porque **o facemos posible entre todas as persoas** que traballamos no Servizo Galego de Saúde. E todas saímos beneficiadas.

### Flexible

Porque as **accións están deseñadas á medida** da nosa realidade, **adaptándose** en función das necesidades.

### Integral

Porque **incide en todo o personal**, e **mellorará toda a organización**, individual e colectivamente.

### Transversal

Porque **implica todas as áreas** de xestión, incorporando a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos, entre outros:

- nas **condicións** de traballo e de **acceso** ao emprego.
- na **ordenación do tempo** de traballo e a conciliación.
- na **saúde** laboral.
- na **formación e información**.

O Plan enfoca a súa intervención sobre **6 eixos** de actuación

**14** medidas sobre condicións de traballo e promoción profesional

**9** medidas sobre acceso ao emprego público e provisión de prazas

**10** medidas sobre tempos de traballo, corresponsabilidade e conciliación

**9** medidas para a atención a situacións de especial protección

**10** medidas de formación, información e sensibilización

**7** medidas transversais para integrar o principio de igualdade na organización

